



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

D E C R E T O S

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.
- Decreto polo que se amplía o prazo establecido para a constitución do Xurado de Expropiación de Galicia.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito sobrante da estrada autonómica AC-862 a prol do Concello de Mañón.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de treitos das estradas autonómicas PO-407 (treito: límite concello PO-510) e PO-411 (treito: PO-510 a PO-407) a prol do Concello de Salceda de Caselas.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo.

A C O R D O S

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes, así como de reforzo educativo.



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial *Gasoduto Mugar dos-As Pontes-Guitiriz e ramal á Central de Ciclo Combinado das Pontes e instalacións auxiliares* como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e os Bispos das Dioceses que abranguen o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de actuacións no patrimonio de propiedade eclesiástica.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproban as directrices e liñas estratéxicas do *Plan de Saúde Mental de Galicia 2005-2009*.

I N F O R M E S

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Informe sobre sinistralidade laboral.



A VICEPRESIDENCIA DA XUNTA UNIFICA POR PRIMEIRA VEZ NO GOBERNO GALEGO A INSPECCIÓN DE ESCOLAS INFANTÍS E CENTROS PARA MAIORES E DEPENDENTES

▪ *A área de Igualdade contará cunha Subdirección de Prevención da Violencia de Xénero*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de estrutura orgánica da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, que establece grandes novidades no tratamento e organización das áreas dependentes das competencias do departamento que dirixe Anxo Quintana. Con esta estrutura, créase por primeira vez no Goberno galego unha Subdirección de Inspección e Avaliación de Centros, co obxectivo de unificar toda a política de inspección para escolas infantís, centros de maiores e de dependentes.

Esta subdirección, que non existía anteriormente, dedicarase á avaliación e control da calidade dos servizos que se prestan nas escolas infantís, nos centros da terceira idade e nos centros para persoas dependentes, unha actividade pioneira na Administración galega.

A estrutura orgánica da Vicepresidencia da Xunta potencia ademais a área de Relacións Institucionais, facendo unha forte aposta por reformar o equipo de traballo na área de traspasos de competencias co Goberno central e no desenvolvemento do actual Estatuto de autonomía de Galicia, contrastando así co raquitismo que nesta materia tiña a Administración anterior.

En canto á área de Igualdade, a Vicepresidencia da Xunta contará cunha Subdirección de Prevención da Violencia de Xénero, tamén pioneira na Administración galega, cun traballo específico centrado nesta problemática e a súa erradicación.

Por último, en Benestar, este decreto unifica por primeira vez na historia da Xunta de Galicia a oferta de benestar e asistencia social nun único departamento, onde se integran maiores, dependencia, menores e exclusión social.



XUNTA E GOBERNO CENTRAL INVESTIRÁN 2,3 MILLÓNS DE EUROS EN ATENCIÓN AOS INMIGRANTES

- *Promoverase a acollida, a integración e o reforzo educativo dos inmigrantes residentes en Galicia*
- *A Xunta articulará as súas accións concretas no contexto dun plan de acción aprobado de común acordo coa Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración*

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión de hoxe, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ministerio de Traballo, para o desenvolvemento de accións destinadas a promover a acollida, a integración e o reforzo educativo dos inmigrantes residentes en Galicia. Esta actuación contará cun investimento de 2.386.042,37 euros.

En concreto, promoverase toda unha serie de accións transversais para mellorar a atención social e a calidade de vida dos residentes inmigrantes.

As accións concretas que se realizarán respectarán as medidas prioritarias de actuación neste ámbito que se inclúen nun plan de acción aprobado de común acordo coa Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración. Ao desenvolvemento deste plan a Xunta de Galicia achega, a través da Secretaría Xeral de Emigración, un total de 553.759,64 euros.

Acollida

O plan prevé desenvolver na Comunidade Autónoma unha rede de acollida integral a inmigrantes, co obxecto de procurar aloxamento e manutención a aquelas persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade. Ao tempo, fomentárase o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de novos programas de orientación social e laboral dirixidos a inmigrantes.

Paralelamente, potenciaranse os servizos de información, orientación, asesoría xurídica, e tradución e interpretación que se ofrecen a este colectivo.

Reforzo educativo

Dentro das medidas que se promoverán en materia educativa destacan o reforzo dos programas de compensación docente, de garantía social e de educación de adultos. Así mesmo, incrementaranse os recursos económicos destinados a bolsas de estudo, axudas de comedor e axudas para o transporte escolar e libros de texto para os diferentes colectivos de inmigrantes.

Tamén se promoverá o uso de materiais e recursos aplicables a desenvolver prácticas educativas que garantan a convivencia intercultural nas aulas. Preténdese, ademais,



fomentar a escolarización dos fillos dos inmigrantes e aplicar programas concretos que atendan ás súas especificidades culturais.

Outras medidas sociais

Este plan de acción prevé, ademais, reforzar os recursos organizativos e humanos dos servizos sociais de atención primaria; apoiar programas de acceso, mellora e mantemento do emprego; fomentar a iniciativa empresarial e o autoemprego entre a poboación inmigrante; e reforzar os programas de intermediación no mercado da vivenda.

Paralelamente, apoiaranse os programas de prevención e educación para a saúde; e promoverase o asociacionismo inmigrante en organizacións non gobernamentais, sindicatos, organizacións profesionais, asociacións veciñais ou clubs deportivos, entre outros.

Así mesmo, apoiaranse todos aqueles programas de sensibilización que promovan accións que repercutan na igualdade de trato, ofrecendo unha imaxe positiva da inmigración e aqueles que teñan como obxectivo específico apoiar a integración das mulleres inmigrantes.

Colaboración cos concellos

Segundo se recolle no texto do convenio e de acordo co plan de acción, a Xunta comprométese a redistribuír entre os concellos que teñan unha maior presión migratoria a metade dos fondos procedentes do Ministerio de Traballo para esta finalidade.



POLÍTICA TERRITORIAL ASUME AS COMPETENCIAS EN MATERIA URBANÍSTICA NO LITORAL

- ***Dentro da Dirección Xeral de Urbanismo, créanse os servizos de Ordenación do Litoral, de Obras e Supervisión de Proxecto e de Protección do Litoral***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a nova estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, que incorpora, como principal novidade, a asunción de competencias en materia de usos do litoral que, ata o de agora, exercía a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Política Territorial seguirá contando coas direccións xerais de Urbanismo, de Obras Públicas e de Transportes, aínda que os principais cambios se acometen na de Urbanismo, que é a que asume as novas competencias relativas a usos do litoral.

Deste xeito, aproveitouse para facer unha reestruturación máis racional das competencias da Dirección Xeral de Urbanismo, na que se distinguen as competencias xerais, as competencias en materia de ordenación do territorio e do litoral, as competencias en materia de planificación urbanística e as competencias en materia de disciplina. A Dirección Xeral de Urbanismo contará, a partir de agora, con tres novos servizos, que son os de Ordenación do Litoral, de Obras e Supervisión de Proxecto e o de Protección do Litoral.

A Dirección Xeral de Obras Públicas seguirá actuando como órgano responsable de impulsar, xestionar e coordinar as políticas atribuídas á consellería nos eidos da planificación, financiamento e construción de estradas e do uso e defensa destas.

A Dirección Xeral de Transportes é a encargada, entre outras competencias, da ordenación, control e inspección dos transportes mecánicos por estrada, ferrocarril e cable, así como de outorgar autorizacións para servizos discrecionais e privados de viaxeiros, mercadorías e mixtos.

Segundo o Decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta, quedan adscritos á Consellería de Política Territorial a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía, e o Consello Galego de Transportes.

Tamén se adscribe, con carácter de órgano colexiado permanente, o Xurado de Expropiación de Galicia, especializado nos procedementos para a fixación do prezo na expropiación forzosa cando a administración expropiante sexa a Comunidade Autónoma ou as entidades locais no seu eido territorial. Por último, queda adscrito o ente público Portos de Galicia.



CEDIDA AO CONCELLO DE MAÑÓN A TITULARIDADE DUN TRAMO SOBRANTE DA ESTRADA AUTONÓMICA AC-862

- **O treito que se vai transferir xa non forma parte da estrada, albergando exclusivamente tráfico urbano**

O concello coruñés de Mañón pasará a ter a titularidade dun antigo tramo da estrada AC-862, segundo establece o decreto da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, aprobado hoxe polo Consello da Xunta.

Trátase dun treito sobrante de 435 metros, que na actualidade só se utiliza para tráfico local e que non forma parte do trazado da estrada AC-862 -de titularidade autonómica-, dado que existe un novo tramo que si da continuidade á devandita estrada, atravesando a ría do Barqueiro.

O treito a transferir xa non forma parte da mencionada estrada autonómica e non dá continuidade a ningún itinerario, ademais de ter un carácter marcadamente urbano por mor do tráfico que percorre este traxecto.

Neste senso, a Lei de estradas de Galicia establece que “as estradas autonómicas, provinciais ou os treitos destas nos que a circulación adquira características urbanas, entregaranse aos concellos respectivos”.

O treito que se vai a transferir inclúe a ponte metálica sobre a ría do Barqueiro, que enlaza cos límites da provincia de Lugo, e que actualmente está fóra de servizo pendente de rehabilitar por parte do Concello de Mañón.

A entrega dese tramo formalizarase no prazo máximo de dous meses a partir da publicación do decreto no DOG. Unha vez asumida a súa titularidade, o Concello de Mañón farase cargo de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da devandito via, e calquera outra que lle corresponda como Administración titular dese tramo.





POLÍTICA TERRITORIAL CEDE AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS A TITULARIDADE DE DOUS TREITOS DAS ESTRADAS PO-407 E PO-411

- *Trátase de vías que adquiriron carácter urbano*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes cede ao Concello de Salceda de Caselas a titularidade de dous treitos correspondentes ás estradas PO-407(límite concello-PO 510), e PO-411(treito PO-510 a PO-407).


Esta cesión de titularidade está amparada pola Lei 4/1997, de estradas de Galicia, na que se establece que deben entregarse aos respectivos concellos aquelas vías ou treitos de estradas en que a circulación adquira características urbanas.

Precisamente, os treitos citados destacan polo seu carácter urbano, xa que as edificacións beirean unha parte importante dos seus trazados. Ademais, son treitos dunha estrada (a PO-510) da que se construíu unha variante de trazado.

A partir da entrega das ditas vías,- que se formalizará aos dous meses seguintes da publicación deste decreto no DOG -, ao Concello de Salceda de Caselas corresponderalle a xestión, mantemento, conservación e explotación dos devanditos treitos, así como as funcións de disciplina viaria ou calquera outra que lle puidese corresponder como nova Administración titular delas.



Petición de Cesión de Estradas do Concello de **Salceda de Caselas**





DECLARADO DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL O PROXECTO DO GASODUTO MUGARDOS-AS PONTES-GUITIRIZ

O Consello da Xunta de Galicia acordou esta mañá, por proposta da Consellería de Innovación e Industria, a declaración do proxecto do Gasoduto Mugardos-As Pontes-Guitiriz e ramal á central de ciclo combinado das Pontes e instalacións auxiliares como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.

O referido gasoduto atravesará os concellos de Mugardos, Ares, Fene, Cabanas, A Capela e As Pontes de García Rodríguez, na provincia da Coruña, e Xermade e Guitiriz, na de Lugo, polo que estes municipios deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ás determinacións contidas no proxecto.

O gasoduto Mugardos-As Pontes-Guitiriz, cuxo promotor é Regasificadora del Noroeste, SA, conta cun orzamento de 18.627.085,05 euros e terá unha lonxitude total de 53,7 quilómetros. Partindo da planta de regasificación de Mugardos, abastecerá de gas natural a futura central de ciclo combinado das Pontes e outros consumidores industriais. Preto da devandita central, a liña bifúrcase cara ao sur ata conectar, en Guitiriz, co gasoduto Tui-Vilalba-Llanera, pertencente á rede básica de Enagás.

Esta infraestrutura permitirá reforzar a rede básica de gasodutos do noroeste, diversificar a orixe de subministración de gas natural e permitir o funcionamento de novas centrais de ciclo combinado, polo que constitúe un motor de desenvolvemento para toda a comunidade.



CULTURA ASINA UN CONVENIO POR VALOR DE 300.000 EUROS COAS DIOCESES DE GALICIA PARA GARANTIR A CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO ECLESIASTICO

O Consello da Xunta vén de aprobar un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e máis os bispos das diocese que abranguen o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sobre actuacións no patrimonio artístico de propiedade eclesiástica que se levarán a cabo durante o ano 2005.

En virtude deste convenio, a consellería comprométese a achegar para a realización das obras de rehabilitación en varias igrexas a cantidade total de 300.506 euros. A cambio, as dioceses comprométese a facilitar o acceso aos monumentos restaurados e a manter as igrexas intervidas no bo estado exixido para o cumprimento da súa finalidade.

As igrexas que se beneficiarán deste convenio son as seguintes:

Diocese de Santiago

- Igrexa parroquial de Santa María de Covas (Negreira): 38.765 euros
- Igrexa San Xoán Bautista de Cambeda (Vimianzo): 64.608 euros

Diocese de Mondoñedo-Ferrol

- Igrexa de Santa María da Pedra (Cariño): 47.480 euros

Diocese de Ourense

- Igrexa de Santiago de Cariacedo (A Gudiña): 12.000 euros
- Igrexa de Santa Mariña de Rioseco (Calvos de Rondín): 44.796 euros

Diocese de Tui-Vigo

- Igrexa parroquial de Santiago de Prado de Canda: 21.035 euros
- Igrexa parroquial da Inmaculada: 12.020 euros
- Igrexa parroquial de San Martiño de Ventosela: 5.109 euros

Diocese de Astorga

- Igrexa parroquial de Santigoso (O Barco de Valdeorras): 19.532 euros

Diocese de Lugo



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Igrexa de San Pedro de Arcos (Outeiro de Rei): 73.925 euros



O CONSELLO APROBA AS DIRECTRICES E LIÑAS ESTRATÉXICAS DO *PLAN DE SAÚDE MENTAL DE GALICIA 2005 – 2009*

- *A Consellería de Sanidade pretende que en todas as áreas sanitarias se oferte en menos de 30 días atención especializada ambulatoria en saúde mental, e 15 no caso das consultas preferentes.*

O Consello da Xunta aprobou hoxe as directrices e liñas estratéxicas que van a reflectirse no Plan de Saúde Mental de Galicia 2005 – 2009 que prevé como grandes obxectivos culminar o desenvolvemento do documento de bases para un Plan Galego de Saúde Mental; formular as bases para a atención á saúde mental no século XXI; e asegurar aos pacientes o seu ámbito familiar tanto a entrada na rede asistencial como o seu retorno á comunidade, potenciando os recursos asistenciais a nivel ambulatorio, así como os dispositivos intermedios e desenvolvendo os servizos de rehabilitación e integración social.

A Consellería de Sanidade pretende, entre outros obxectivos, que en todas as áreas sanitarias se atendan ás persoas que requiran atención especializada ambulatoria en saúde mental por primeira vez nun período inferior a 30 días; e no caso da demanda preferente antes dos 15 días.

Polo tanto, a esencia deste punto será a existencia de equipos de continuidade de cuidados de todas as áreas que ofrecerán un programa de alta intensidade de atención a domicilio para aqueles pacientes que o requiran; e por outra banda, cada área sanitaria galega terá un programa ambulatorio específico dirixido a persoas con diagnóstico de trastorno mental severo.

A Xunta de Galicia reforzará tamén a cobertura das urxencias psiquiátricas hospitalaria 24 horas ao día os 365 días do ano en todas as áreas, que deberán dispor de protocolos especializados para a atención da urxencia psiquiátrica e desenvolverá máis a intervención en crise en medios extrahospitalarios e a domicilio en colaboración co 061.

Do mesmo xeito, o documento refrendado hoxe polo Goberno galego prevé que as novas necesidades asistenciais que demanden os pacientes e as súas familias podan ter unha resposta rápida da Administración sanitaria; así como a equidade na distribución territorial equitativa de recursos, programas e prestacións en saúde mental.

Outras das liñas estratéxicas previstas neste Plan pasan pola continuidade e accesibilidade asistencial, personalización da asistencia e o desenvolvemento de



programas innovadores baseados nas evidencias existentes e con consenso de expertos e sociedades científicas.

A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, anunciou que o vindeiro luns, 10 de outubro, Día Mundial da Saúde Mental presentará en rolda de prensa o devandito documento que busca a "equidade, calidade e eficiencia na saúde mental en Galicia no século XXI".



APROBADO O DECRETO QUE ESTABLECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA NOVA CONSELLERÍA DE TRABALLO

- *A Consellería de Traballo perfila un organigrama caracterizado pola especialización*
- *O novo departamento integra as competencias en materia de formación, colocación, promoción do emprego, relacións laborais, seguridade e saúde laboral e solución de conflitos*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo. Coa entrada en vigor da nova organización, o departamento que dirixe Ricardo Varela Sánchez estará integrado por unha secretaría xeral, tres direccións xerais que corresponden a Promoción do Emprego, Formación e Colocación e Relacións Laborais, catro delegacións provinciais e o Consello Galego de Relacións Laborais, que terá rango orgánico de dirección xeral.

O decreto fixa as competencias e as funcións desta consellería de nova creación. Así, corresponde á Consellería de Traballo o exercicio das competencias e funcións en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, cooperativas e outras entidades de economía social, sen prexuízo das competencias doutras consellerías nestas materias.

Prodúcese unha modificación na estrutura da nova consellería que se refire á denominación dos departamentos relacionados coa formación ocupacional da Dirección Xeral de Formación e Colocación, nos que se engade a palabra *continua* dando como resultado: Subdirección Xeral de Formación Ocupacional e Continua, Servizo de Planificación de Formación Ocupacional e Continua e Servizo de Xestión Administrativa de Formación Ocupacional e Continua.

Órganos centrais

A Secretaría Xeral estará a cargo de José Vázquez Portomeñe, e dela dependerán unha vicesecretaría xeral, unha subdirección xeral e seis servizos.

Á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, en mans de Álvaro Ansias Bacelar, correspóndelle o desenvolvemento das funcións en materia de fomento do emprego nas empresas e nas entidades de economía social, así como no eido da colaboración coas administracións e institucións públicas e con entidades sen ánimo de lucro, a programación, seguimento, control e xestión de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego. Para o desenvolvemento das súas funcións contará con dúas subdireccións xerais, unha de Apoio á Contratación e a Emprendedores, e outra de Escolas Obradoiro e Programas de Cooperación, e cinco servizos.



Pastor Fuenteseca Díaz dirixirá a Dirección Xeral de Formación e Colocación, que se estruturará en tres subdireccións xerais (de Formación Ocupacional e Continua, de Colocación e das Cualificacións) e sete servizos. Deste departamento depende o desenvolvemento das funcións atribuídas á consellería en materia de formación ocupacional e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral, así como a estatística, a análise e a prospectiva do mercado de traballo. Así mesmo, exercerá as funcións de execución relativas ao cumprimento das obrigas de empresarios e traballadores e, se é o caso, a potestade sancionadora nas materias relativas a emprego e desemprego.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Relacións Laborais, na que está á fronte Pilar Cancela Rodríguez, a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia laboral, seguridade e saúde laboral no traballo, cooperativas e empresas de economía social. Para o desenvolvemento destas funcións contará coas subdireccións xerais de Traballo, de Seguridade e Saúde Laboral, e de Cooperativas e Economía Social, ás que se engaden tres servizos.

Por último, o Consello Galego de Relacións Laborais, presidido por Demetrio Fernández López, terá categoría orgánica de dirección xeral e contará cunha secretaría, con categoría de subdirección xeral, e un servizo xurídico e de solución de conflitos.

A estrutura complétase coas catro delegacións provinciais correspondentes á Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e que estarán dirixidas respectivamente por María Debén Alfonso, José Miguel Vázquez Calvo, Carmen Rodríguez Dacosta e Pedro Borrajo Ribas.



A XUNTA DE GALICIA APELA Á COLABORACIÓN DOS AXENTES ECONÓMICOS E SOCIAIS PARA LOITAR CONTRA OS ALTOS ÍNDICES DE SINISTRALIDADE LABORAL

- *Segundo se recolle no Informe sobre Sinistralidade presentado esta mañá no Consello, a taxa de accidentes laborais incrementouse nun 78% nos últimos dez anos*
- *Ante esta situación a Xunta elaborará un plan especial contra a sinistralidade no que ocupará un lugar destacado a formación, co obxectivo de inculcar a cultura de seguridade tanto entre traballadores como entre empresarios*
- *Esta materia será unha das prioritarias no marco do diálogo social*

O titular de Traballo, Ricardo Varela, presentou esta mañá ao Consello da Xunta o *Informe sobre Sinistralidade Laboral*, elaborado polo departamento que dirixe. Este documento, que reflicte os accidentes de traballo e enfermidades profesionais rexistradas en Galicia desde 1994 ata 2004, ten por obxectivo principal a análise estatística da sinistralidade laboral desde distintas perspectivas temporais e parámetros como a territorialidade, a gravidade do sinistro e o sector de actividade económica.

A valoración da Xunta de Galicia con respecto aos datos de sinistralidade laboral no período 1994-2004 recollidos neste informe é claramente negativa, por mor do incremento rexistrado neste tempo, que ascende case ata o 78%.

Como factor de corrección desta situación negativa a Xunta elaborará, a través da concertación social e de plans específicos, un *Plan Especial de loita contra a sinistralidade*, incidindo particularmente na formación co obxectivo de xerar unha cultura da seguridade tanto entre empresarios como entre traballadores.

Neste senso, o Executivo galego considera que se debe incluír esta materia como unha das prioritarias no marco da concertación social, xa que son os axentes sociais e económicos, coa colaboración da Administración, os que mellor poden fixar as medidas e accións que a sociedade de hoxe demanda para reducir estas altas taxas de sinistralidade.

Ao mesmo tempo, estase a xestionar a derogación do Decreto 200/2004 polo que se procedeu á creación do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Igasel), xa que nestes momentos se valora como insuficiente con respecto ao problema real que a sinistralidade laboral comporta. De aí o compromiso do Goberno galego de propoñer ao Parlamento a creación dun organismo autónomo con personalidade xurídica propia, maior dotación de medios e actualización, e, especialmente, maior participación dos axentes económicos e sociais nesta materia.

**Evolución 1994- 2004**

A situación da sinistralidade laboral en Galicia pasa por un momento preocupante, pois en dez anos o número de accidentes no traballo experimentou un aumento en termos absolutos de 20.712 casos. Segundo os datos recollidos no informe, no ano 1994 en Galicia rexistráronse 26.637 accidentes laborais mentres que no ano 2004 a cifra ascende ata os 47.349 accidentes laborais. En termos relativos esta evolución da sinistralidade reflicte un incremento de case un 78%, é dicir, de cada catro accidentes ocorridos no ano 1994, no ano 2004 rexistráronse sete.

Evolución 2000-2004

Se nos centramos no último lustro analizado, é dicir, no período 2000-2004, o incremento rexistrado foi do 8,6%. Do total de accidentes laborais neste tempo a maior parte corresponde aos sectores de servizos e industria, cunha media neste período de 15.896 e 14.970 accidentes laborais ao ano respectivamente. O sector servizos é, ademais, o que concentra os maiores índices de sinistralidade atendendo á gravidade, xa que a maior parte dos accidentes leves (35%), graves (77%) e mortais (32,8%) se producen neste sector.

Neste período o prototipo do accidente laboral en Galicia sería: varón de entre 25 e 34 anos, traballador dunha empresa cun cadro de persoal formado por entre 5 e 25 traballadores e cunha antigüidade na empresa e no seu posto de traballo de máis de tres anos. O sinistro ocorre na segunda hora da xornada laboral dun luns e prodúcese por un sobreesforzo. A lesión é superficial ou por ferida aberta, que se localiza maioritariamente nas mans. Dado o perfil da lesión, trátase dun accidente laboral leve ocorrido no sector servizos en calquera das catro provincias galegas.

En canto aos sinistros mortais, o accidente tipo corresponderíase cun varón de entre 45 e 54 anos, con máis de tres anos de antigüidade no posto de traballo, ocorrido á primeira hora da xornada laboral dun luns. Pola forma do accidente trátase dun infarto ou patoloxía non traumática con lesións múltiples en todo o corpo.

O perfil do traballador galego tipo que padece unha enfermidade profesional correspóndese cun varón de entre 25 e 44 anos, con antigüidade superior a tres anos nunha empresa cun cadro de persoal formado por entre 5 e 25 traballadores. O maior rexistro de enfermidades profesionais en Galicia durante estes cinco anos concéntrase no sector da industria (51,48%), e por gravidade, as leves representan o 97% do total. Por provincias, Pontevedra rexistra case o 46% das enfermidades profesionais.